

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO
PLENO DO DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2008. NÚM. 2 /2008.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE ACIDENTAL:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO. (P.P.)

CONCELLEIROS:

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P.)
D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. (P.P.)
D^a. M^a. FÉ CORTIZO MATO. (P.P.)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (P.P.)
D. NICOLÁS VARELA GARCÍA. (P.P.)
D^a. NURIA RODRÍGUEZ CARRAL (P.P.)
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)
D. JOSÉ MANUEL BREA BLANCO. (P.P.)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG- PSOE)
D. MANUEL MIGUÉLEZ MONTOTO. (PSdeG- PSOE)
D^a. MARTA LÁZARA FONTAO. (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)
D^a. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG)
D^a. SUSANA RODRÍGUEZ CAMBÓN. (BNG)
D^a. GUADALUPE NÓVOA CARBALLUDE. (BNG)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

AUSENTES: D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.
D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ.

Sendo as dez horas e trinta minutos do día 9 de febreiro de 2008, sábado xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Acidental, D. Camilo González Bodaño, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose a súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Presidente Acidental D. Camilo González Bodaño e asiste como Secretario Xeral D. César López Arribas.

D. Xosé Crespo Iglesias e D. José Antonio González González non asistiron á sesión por razóns profesionais e persoais.

De orde do Sr. Presidente Acidental e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

ASUNTO ÚNICO: SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS DAS ELECCIÓNS A CORTES XERAIS DO DÍA 9 DE MARZO DE 2008.-

De conformidade co disposto na vixente lei orgánica do Réxime Electoral Xeral, 19/85, de 19 de xuño, art. 26.4. procedeuse a realizar o sorteo para a designación dos membros das mesas electorais, mediante azar e sorteo público, a través do programa informático municipal existente. Neste caso, correspondeu elixir, de entre todos os designables, os apelidos e o nome da primeira persoa designada á edil *D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude*, pulsando a tecla correspondente, e poñendo en marcha o programa para contar con todos os cargos das mesas electorais.

Rematou a aplicación do programa, sendo elixidos os titulares e os suplentes de Presidente, e dos Primeiros e dos segundos Vogais das corenta mesas electorais do municipio de Lalín, e quedou cumprimentado o trámite para remitir á Xunta Electoral de Zona de Lalín e notificar aos interesados.

E, non habendo outros asuntos que trataren, polo Sr. Presidente, no mesmo lugar onde comezou a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do

día antes indicado, levantouse a sesión, dando por concluída a mesma. De todo isto pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fé.

Vº e Prace.